

ORDENANZA FISCAL Nº 25 REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS DENDE A VÍA PÚBLICA AOS EDIFICIOS, LOCAIS E SOARES E DAS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA, DESCARGA E OUTRAS ACTIVIDADES EN INTERESE PARTICULAR

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e soares e das reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga e outras actividades en interese particular, a que se refire o artigo 20. 3. h), do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto legislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito impoñible desta taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial das vías municipais, nos casos seguintes:

- a) Entradas de vehículos en edificios, soares, fábricas, talleres e, en xeral, en inmobles de calquera destino, realizadas a través de terreos destinados ao uso público, xa teñan licenza de vao permanente, laboral ou nocturno.
- b) Reservas permanentes para actividades distintas do acceso a inmobles.
- c) Reservas de carácter temporal para diversas actividades de comercio, construción, servizos e subministracións.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que utilicen ou aproveiten as entradas ou reservas. Cando se solicite unha licenza para a utilización ou o aproveitamento, entenderase que ten a condición de suxeito pasivo o solicitante ou a persoa ou entidade que represente. Se o aproveitamento se realizase sen obter licenza, considérase que ten a condición de suxeito pasivo o propietario do inmovible ou da empresa que utilizase a entrada ou reserva.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para determinar a cota:

- a) Nas entradas de vehículos, a lonxitude da entrada e a superficie do local ou solar ao que dá acceso.
- b) Nas reservas permanentes, a lonxitude do espazo reservado.
- c) Nas reservas temporais, a superficie ocupada e a duración do uso.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Esixiranse as seguintes:

1	Entrada ou paso de carruaxes aos inmobles; por metro lineal ou fracción ao ano:	Permanente	Laboral
1.1.1	Ata 100 m2 de superficie do local ou solar	95,25	95,25
1.1.2	De 101 a 250 m2 de superficie	147,59	147,59
1.1.3	De 251 a 500 m2 de superficie	199,96	199,96
1.1.4	De 501 a 750 m2 de superficie	259,63	259,63
1.1.5	De 751 a 1.000 m2 de superficie	320,45	320,45
1.1.6	De 1.001 a 2.000 m2 de superficie	506,10	506,10
1.1.7	Máis de 2.000 m2, por cada 1.000 m2 ou fracción	254,13	254,13

	Nocturno	EUROS
1.2.1	Ata 100 m2 de superficie do local ou solar	47,63
1.2.2	De 101 a 250 m2 de superficie	73,86
1.2.3	De 251 a 500 m2 de superficie	99,83
1.2.4	De 501 a 750 m2 de superficie	129,80
1.2.5	De 751 a 1.000 m2 de superficie	159,70
1.2.6	De 1.001 a 2.000 m2 de superficie	249,56
1.2.7	Máis de 2.000 m2, por cada 1.000 m2 ou fracción	124,77

1.3 Locais destinados a garaxe da comunidade de propietarios do propio edificio ou dos contiguos, sempre que estean destinadas aos veciños, polo menos, as 2/3 partes das súas prazas: a cantidade resultante da aplicación da tarifa anterior multiplicarase polo coeficiente 0'5 para os efectos de determinar o importe que hai que pagar.

1.4 Aparcadoiros establecidos no solo ou subsolo dos terreos de uso público municipal, en réxime de concesión administrativa para a prestación do servizo de aparcamento na modalidade de alugueiro por horas: a cantidade resultante da aplicación da tarifa anterior multiplicarase polo coeficiente 0,2 para os efectos de determinar o importe que hai que pagar.

2 Reservas permanentes para actividades distintas do acceso aos inmobles, por metro lineal de espazo reservado, ao ano:

2.1	Con horario limitado:	
2.1.1	De 8 a 14 horas	92,33
2.1.2	De 14 a 20 horas	92,33
2.1.3	De 8 a 20 horas	172,76
2.1.4	Outros, non comprendidos entre os horarios anteriores, nos que a tarifa non é reducible aínda que se solicite un tempo de aproveitamento inferior, por hora	15,72
2.2	Reserva permanente, 24 horas	199,87

3 Reservas de espazo de carácter temporal para diversas actividades de construción, comercio, servizos e subministracións:

3.1 Vehículos de formigonado, bombeo, grúas, expositores, colectores aos que non sexa de aplicación outra ordenanza e aproveitamentos análogos; cota diaria por m2 ou fracción
9,00

3.2 Mudanzas, descarga de combustibles polas empresas distribuidoras e outros usos extraordinarios, por m2 ou fracción, por día
1,74

4 Reservas de espazo de carácter temporal para diversas actividades de promoción, información ou divulgación con instalación de casetas, carpas e instalacións análogas; cota diaria por metro cadrado ou fracción:
3,61

5 Cando os aproveitamentos se realicen en rúas que non sexan de 1ª categoría fiscal, o importe resultante da aplicación das anteriores tarifas multiplicarase polos seguintes coeficientes para os efectos de determinar o importe que hai que pagar:

Categoría rúa	Coeficiente
Segunda	0,9
Terceira	0,8
Cuarta	0,7
Quinta	0,6
Sexta	0,5

6 Con carácter mínimo e sempre que por aplicación da presente tarifa non se alcance o importe que se sinala, esixiranse.....
31,17

Normas para a aplicación das tarifas:

1. A tarifa por entrada ou paso de vehículos aos inmobles supón o dereito de reserva de espazo que é necesario para realizar a entrada, na mesma lonxitude que aquela.

2. Cando se produza o acceso dende unha vía pública a un grupo de terreos ou locais que compartan a mesma entrada, a lonxitude desta ratearase entre os distintos locais en proporción á súa superficie, sen que ningunha das fraccións que resulten poida ser inferior a un metro, e elevaranse as fraccións á unidade superior.

3. A superficie computable a efectos da Taxa por entrada de vehículos será a que a continuación se indica:

a) Se sé trata de garaxes computarase a destinada exclusivamente a garaxe, expresada en metros cadrados e sumando as plantas ou pisos do mesmo. En consecuencia non se computará a ningún efecto a superficie destinada a outros usos como ascensores, corredores exteriores ao garaxe, trasteiros, etc., aínda que, respecto da superficie do garaxe computarán os corredores interiores, viarios, ramplas de acceso, etc. No caso de non acreditarse o elemento superficie polo suxeito pasivo, computarase a que figure na resolución que conceda a preceptiva licenza.

b) Se sé trata de locais, almacéns, naves industriais e similares, computarase a superficie destinada a carga e descarga de mercancías, que deberá coincidir a que figure para estes usos na resolución da preceptiva licenza.

c) Se sé trata de solares computarase a superficie do solar.

4. Nas reservas de carácter temporal, se un mesmo servizo supón a realización de aproveitamentos en distintas vías públicas ou en distintos lugares dunha mesma vía, levaranse a cabo tantas liquidacións independentes como aproveitamentos en lugares distintos se realicen.

5. Non están suxeitas ao pago aquelas reservas de carácter temporal do artigo 2 c) nas que a resolución pola que se concede a autorización declare que a actividade se considera de interese público.

6. A transmisión da licenza de vao concedida ás empresas construtoras a favor das comunidades de propietarios debidamente constituídas non estarán suxeitas ao pagamento e á taxa.

7. A concesión das distintas modalidades de licenza, as súas facultades e limitacións, a súa revogación e demais particularidades do seu réxime administrativo, rexerase pola ordenanza municipal da expedición de licenzas de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos. A xestión da taxa rexerase pola presente ordenanza.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

A taxa xerarase no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza. Nos aproveitamentos continuados, a xeración da taxa producirase, respecto da totalidade da cota, o primeiro día do ano natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento.

As cotas non serán reducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na prestación do servizo non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para rematar o ano, incluído o do comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por este, e tramitarse conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Constituirase un depósito previo no momento da solicitude, correspondente á cota do exercicio en que esta se formula. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante. Concedida a licenza, a mesma resolución pola que se resolva o expediente, aprobará unha liquidación provisional á que se aplicará o depósito constituído e levaranse a cabo as devolucións ou as liquidacións complementarias que procedan. En caso de denegarse a licenza, devolverase o depósito, salvo que se acredite a utilización da entrada ou reserva. Esixirase o depósito previo da cota, que deberá ingresarse ao tempo de solicitar a autorización preceptiva.

2. As cotas de xeración da taxa periódica consignaranse nun Padrón que será elaborado anualmente, conforme ao establecido na Ordenanza fiscal xeral.

3. Cando se realicen aproveitamentos sen licenza ou excedendo do autorizado, executarase de oficio as liquidacións que correspondan e impoñeranse as sancións que procedan. O pagamento da taxa non supón a adquisición do dereito a realizar o aproveitamento, podendo a administración municipal adoptar as medidas que procedan para evitar a continuación daqueles que non poidan ser autorizados por non cumprir as condicións requiridas, aínda que a actuación municipal neste sentido provocará a baixa en matrícula.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infracción s tributarias, así como das sanción s que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 23 de decembro de 2023, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2024 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.